


SABIDURÍA POPULAR



↓ José María Bedia

En todos os poblos houbo sempre xente de muito talento. Y condo digo-nos *poblos*, nun tou falando sólo dos poblaos menores como son as aldeas, os lugares ou as villas. Non; condo digo *poblos* quero dicir xeneracións. Nel mesmo sentido que dicimos, por exemplo, el *pueblo francés*, el *pueblo celta*, etc.

Sin embargo, hai úa diferenza notable entre a cultura d'hoi y a d'antes porque hoi temos muitos máis medios de formación. Según nace ún, xa empeza a ouguir a televisión, a radio ou as cadías musicales. Hai quen dice que xa hai influencias antes de nacer. Algo pode ser, porque existen dalgúas evidencias que lo suscriben. Y vou poñer un exemplo:

Todos sabemos por experiencia qu'os nenos callan muito mejor coas madres que cos padres. É verdá qu'hai que reconocer as cualidades propias da muyer na cría dos rapazos: ten muita máis capacidade d'aguante qu'un home, é máis delicada pra todo. Núa palabra: que *las ve vir*. Os homes en xeneral somos máis patosos (y que me perdonen os homólogos del meu sexo, pero a verdá hai qu'admitila). Entoncias podíamos mui ben pensar que por ese motivo os nenos callan mejor coa madre que col padre. Quizáis haxa algo d'eso, pero a razón principal nun é esa.


Según as investigacións médicas, el neno, antes de nacer, vei inconscientemente asimilando el ritmo cardiaco da madre. Al nacer (pral neno é un trauma que, se fora consciente, marcaríalo pra toda a vida), el neno ten qu'aferse á nova situación. Antes dában-yo todo feito; agora ten que faelo él (respirar, mamar, etc.). El neno, mentras nun se fai á idea, síntese mui mal y chora porque nun sabe faer outra cousa. Ben, pos lo que ta demostra o pola medicina, como antes indicaba, é que se se ten el cuidao de pousalo contra el pecho da madre, calla muito máis fácilmente que se nun se fai así. ¿Motivo? Que d'un xeito inconsciente acórdase d'aquel ritmo que tuvo sintindo nove meses, y esto dáye seguridá y paz.

Toda esta digresión foi pra dicir que, efectivamente, el neno aprende xa de pequeno y probable-

mente xa antes de nacer. Y como a cultura ambiente é muito máis cercana hoi que nestos tempos pretéritos, aprende máis. Basta ver cómo manexan esos videoxogos tan populares; pra ellos é coser y cantar, anque pra os mayores pide un certo aprendizaxe. En cambio, antes nun había esas posibilidades. El neno nun salía del lugar normalmente hasta qu'iba pral servicio militar. Y se esto pasaba coş nenos, muito pior era coas nenas. Había dalgúa que morría sin conocer os sitios d'algo llonxe.

Sin embargo había intelixencias naturais, que destacaban máis, precisamente porque el nivel medio era máis baxo.

El episodio que quería contarvos hoi trata d'eso. Como inda vive dalgún dos protagonistas, vou utilizar nomes distintos dos dos personaxes reales pra





nun molestar a os interesaos, pero teño que dicir qu'el tema foi real. Y foi d'este xeito:

Carmía era úa muyer fiya de moza solteira. Naturalmente, ella nun tía ningúa culpa (case sempre a maior culpa era del padre, anque a que cargaba con ella era a madre). Lo de ser fiya de moza solteira dígolo pra que se vexa a únde chegaba a chispa del protagonista del episodio. Éste era Manolín, un bon paisano, mui burllón, que se ría da súa sombra, se é que la tía. Éste comentaba a miudo el relaxo da xuventú. Sempre taba sacando a relucir a educación que recibira de sous padres y qu'agora a xente nun la conocía, qu'os rapaces, y sobre todo as nenas, nun tían padres, porque se los tuveran nun yes consintirían qu'anduvesen como andan, que despós pasaba lo que pasaba, y tumba y dáye. Tanto falaba Manolín qu'a xente, sobre todo os padres que tían fiyas mozas, taban sempre coa mosca tras da oreya y tían la mar de ganas de poder cantarye as corenta.

A ocasión chegou por fin, con regocixo pra ellos. Resulta qu'a fiya de Manolín, Maruxía, casouse con un rapaz del pueblo. Fíxose úa gran boda, porque a nena, por ser fiya de tal padre, era lo que se dice un modelo. Y como tal modelo la víu el que se casou con ella, porque la modelou al sou gusto como el alfareiro modela el barro y pálpalo según conveña.

A os sete meses naceu úa nena, fruto d'aquel modelo.

As vecías encontraron ensiguída motivo de comentarios sobre el tema, precisamente por tratarse de

quen se trataba. Así que todas taban con ganas d' aclarar a situación col bolo da nena, pero naide s'atrevía a poñerye el cascabel al gato.

Claro, eso de que naide s'atrevía é un dicir, porque s'atrevéu precisamente Carmía. Así qu'un día fíxose a encontradiza y volóu con Manolín.

—Ui, Manolín, ¿qué tal che veí?

—Ben, ben, veime ben. ¿Y a ti?

—A min tamén, ho, gracias a Dios.

Aquello era el exordio, porque siguidamente había qu'entrar al ataque.

—¿Y qué tal Maruxía? Porque sei que deu a luz estos días... —dixo Carmía con muita sorna.

—Si, nía. Este domingo naceu úa nena. Todo foi mui ben, gracias a Dios, y tanto a madre como a fiya encóntranse muito ben.

—Pos así y todo haiche que ter cuidao —dixo Carmía recalcando as sílabas— porque as *setemesinas* llógranse mal...

Manolín piyóu ensiguída a sátira porque iba con demasiada rosca. Y como nun las tía todas consigo, decidíu darye úa resposta adecuada al caso.

—Si, nía, eso é verdá —dixo él—. Pero inda era pior antes, que se llograban sin padre.

Carmía miróu de llao y decidíu botar a andar, mentras Manolín tamén fía mutis con úa sonrisa burllúa y que deixaba entrever un trunfo diplomático sobre a súa vecía.

Y é que condo se trata con personas de talento natural, hai que medir as palabras se nun quer ún recibir un zarpazo... anque nun teñan cultura universitaria. 